

**Valedor
Pobo**

D. Francisco Rañal Loureiro
Rúa Ponferrada, 4-3º A
15707 - SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: D.3.Q/994/12

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2013

Estimado Sr.:


Como vostede sabe, no seu día foi recibido o seu escrito de queixa, que quedou rexistrado nesta institución co número arriba indicado, foi admitida e iniciamos as actuacións oportunas ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da que depende o IES Rosalía de Castro, contra quen se dirixía a queixa.

Con data do 11 de novembro foi recibido o informe complementario, dándosele traslado a vostede do seu contido para que fixera as observacións ou alegacións oportunas. Finalmente foi recibido tamén nesta institución o seu escrito, no que se recollían as súas apreciacións sobre o informe remitido polo inspector do centro.


Como conclusión do sinalado no informe e por vostede mesmo, esta institución, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, pola que se rexe, formulou á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a recomendación que se lle achega.

Dado que no prazo dun mes o órgano citado ten que remitirnos a preceptiva resposta á resolución, en cumprimento do disposto no artigo 32.2 da Lei do Valedor do Pobo, tan pronto como recibamos a correspondente comunicación poñerémonos de novo en contacto con vostede, dándolle conta das nosas actuacións e, a ser posible, da solución do seu problema.

Agradézolle a confianza que nos demostra e saúdoo atentamente.



José Julio Fernández Rodríguez
Valedor do Pobo (en funcións)



**Valedor
Pobo**

Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación
Universitaria
Edificio Administrativo San Caetano
San Caetano s/n
15704 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: D.3.Q/994/12

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2013

Sr. Conselleiro:

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. Manuel Francisco Rañal Loureiro, con domicilio na Rúa Ponferrada, 4-3º A, CP 15707, en Santiago de Compostela. O recorrente en queixa é funcionario de educación e no curso 2011-2012, foi destinado ao IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, no que impartiu clases como profesor de Física e Química, en dous grupos de primeiro de bacharelato internacional e en dous grupos (C y D) de 2º de bacharelato ordinario.

No seu escrito de queixa, presentado con data do 1 de xuño de 2012, o interesado denunciaba a vulneración, por parte da Dirección do IES Rosalía de Castro, dos artigos 104 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, en relación cos artigos 36.1 e 37.1 do mesmo texto legal e dos artigos 13.2 e 16 do Decreto 126/2008, de 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Do minucioso relato dos feitos que tiveron lugar no IES Rosalía de Castro a partires do mes de febreiro do derradeiro curso, esta institución apreciou que en determinadas actuacións que se produciron no centro, podía terse afectado, nomeadamente, o dereito do profesor a exercer libremente a función avaliadora dos alumnos, de acordo cos criterios establecidos nos Departamentos de coordinación didáctica, en concreto o de Física e Química, e na programación xeral anual.

Por tal motivo foi solicitado informe á Consellería que o remitiu con data do 10 de agosto. Unha vez examinado en detalle o aludido informe, co seu contido non era posible realizar unha valoración definitiva do obxecto da queixa, xa que o informe limitábase a afirmar que *"non se vulnerou a normativa mencionada polo profesor D. Francisco Rañal Loureiro no seu*

escrito de queixa". Non contiña máis aclaracións ni informacións das que se derivase que foron respectados os dereitos académicos do docente. Pero tampouco desmentía a súa denuncia referida a que parte dos profesores do centro e o seu Director manifestaron o seu desacordo coas cualificacións outorgadas polo profesor na materia sen ter revisado as probas escritas e contra o criterio unánime do Departamento didáctico que ratificara a adecuación dos exames e dos criterios de avaliación. E ese desacordo foi reflectido mesmo nas actas oficiais de cualificación. O informe manifesta que *ningún membro do claustro impediu que o profesor D. Francisco Rañal Loureiro determinara a cualificación que estimou oportuna outorgar aos seus alumnos de 2º curso de bacharelato, facendo algúns profesores do equipo docente observacións ao amparo do artigo 7.8 da Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia.*

Aínda que, en efecto, "o equipo docente, constituído polo profesorado que imparte docencia no grupo, coordinado pola persoa titora, valorará a evolución de cada alumna e cada alumno no conxunto das materias, a súa madurez académica en relación cos obxectivos xerais do bacharelato" (art. 7.8 da Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia), puido producirse unha vulneración do artigo 7.2, que establece unha avaliación diferenciada por materias, sinalando que "a decisión sobre a superación dos obxectivos previstos, por parte do alumnado, será competencia do profesor ou profesora de cada unha das materias". Como é lóxico, ningún membro do claustro podía legalmente impedir que o *profesor D. Francisco Rañal Loureiro determinara a cualificación que estimou oportuna outorgar aos seus alumnos de 2º curso de bacharelato.*

O resto dos puntos referidos polo profesor Rañal no seu escrito de queixa non quedaban suficientemente aclarados. En particular, a súa queixa relativa a que foi obxecto de presións para que aprobara aos alumnos que só tiveran a materia de Física suspensa; e a veracidade ou non dos feitos sucedidos no instituto denunciados nos puntos 4º a 14º do escrito de queixa. Tendo en conta a relevancia da actuación do Departamento de Física e Química do IES Rosalía de Castro, que levou a cabo a supervisión previa das probas escritas realizadas entre o 23 de abril e o 21 de maio, e a revisión das cualificacións da materia, se lle solicitou informe do devandito Departamento sobre o sucedido.

Por todos estes motivos, requirimos informe complementario a esa Consellería, que nolo remitiu, malia que non aportou o informe do Departamento de Física e Química requirido nin os informes dos inspectores especialistas que supervisaron as probas e a súa corrección. O interesado, xa que logo, achegou escritos individuais dos membros do Departamento. Todos eles acreditan que os feitos narrados polo recorrente en queixa perante esta institución no seu escrito son certos e corresponden fielmente co acontecido, sendo eles

testemuñas presenciais directas do relatado nos apartados 1º, 5º, 6º, 7º, 9º, 10º, 11º, 12º, 13º, 14º, 15º, 16º, 17º, 18º y 19º.

Coa información achegada, cómpre facer as seguintes consideracións:

Esta institución considera que se produciron neste caso concreto certas situacións anómalas e mesmo algunha delas claramente irregular. Os feitos desencadéanse por unha primeira reunión dos pais e nais do alumnado afectado, á que asiste o director do centro e a presidenta da ANPA. Segundo a acta da reunión, *“os pais expresan como punto central das súas queixas, a inadecuación clara entre o explicado en clase e o esixido nos exames”*. Esta primeira afirmación produce, de inicio, certa perplexidade. Supón, por parte dos pais, un xuízo de adecuación das probas aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación e cualificación establecidos na correspondente programación didáctica, e dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados aos establecidos na mesma programación didáctica tomando como parámetro o explicado en clase, xuízo técnico que non lles corresponde. No mesmo sentido, considérase que os exercicios que se formulan nos exames son moi diferentes aos de clase e consideran que deberían ser máis similares, máis asequibles. Esta é unha petición sorprendente por canto os pais non están en clase e non poden avaliar tecnicamente esta adecuación nin teñen facultades para solicitar que os exames sexan máis asequibles. O punto clave da reunión é o recoñecemento reiterado de que os alumnos consideran que o profesor explica ben a materia polo que non só non se detecta un incumprimento das obrigas docentes senón un recoñecemento explícito da súa observancia.

A acta da reunión remata con outra declaración sorprendente: *“Consideramos que as institucións académicas deben garantir a homoxeneidade no nivel académico-formativo do alumnado de Galicia, reducindo ao mínimo a variabilidade nos contidos docentes e nas avaliacións, tanto intercentros como intracentros. Tan só así se poderá garantir a igualdade de oportunidades para todos/as os/as nosos/as fillos/as”*. O principio de autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión atribuído aos centros educativos pola lexislación educativa vixente os faculta para desenvolver e completar os currículos, de modo que se convirtan en instrumentos útiles, adaptados á realidade do alumnado de cada centro. Por esta razón, a normativa xeral e a específica destes centros, como son os Regulamentos Orgánicos asigna a estes centros distintas competencias referidas á concreción e contextualización dos currículos establecidos pola Administración educativa. Así, mediante o seu proxecto educativo e no proceso de concreción curricular, os centros desenvolven, adecuan e concretan o currículo oficial atendendo á súa propia realidade. É un proceso oposto ao que promoven os pais e nais no seu escrito.

Do denominado “decálogo” dos pais e nais, os puntos 1,5,6,7 e 9 conteñen valoracións sobre elementos subxectivos alleos a cumprimentos ou incumprimentos da función docente por

parte do profesor e atinxen a cuestións como o estrés e a angustia dos alumnos. Os puntos 2,3,4 e 8 conteñen xuízos técnicos sobre a materia (adecuación, metodoloxía, corrección, axuste as probas PAAU... etc) que non forman parte dos dereitos e obrigas dos pais. Xa que logo, o documento en si contén desviacións relevantes das competencias e deberes de cada parte.

Moitos dos episodios acontecidos a partires desta reunión vulneran de xeito claro a liberdade de cátedra do docente, aspecto este ao que se cingue a intervención desta institución nos feitos acaecidos.

Aínda que se ten debatido moito si a liberdade de cátedra constitúe un dereito fundamental ou unha garantía institucional, o certo é que a nosa Constitución, ao recoñecela no seu artigo 20.1.c), configurouna como dereito subxectivo, pola protección que lle outorga o artigo 53.1 da Constitución; protección ademais reforzada, no seu caso, por vir incluída na Sección Primeira do Capítulo XI do Título Primeiro, que comporta que non só sexa tutelada polos Tribunais ordinarios, senón tamén polo Tribunal Constitucional a través do recurso de amparo (porque a Constitución artellou dita liberdade como un auténtico dereito fundamental). Como deixou claro o Tribunal Constitucional, a nosa Constitución asignoulle á devandita liberdade, sen prexuízo de posuír unha dimensión institucional, unha dimensión individual predicable de todo tipo de profesores, tanto universitarios como dos demais niveis educativos e tanto en centros públicos como en centros privados. Ese dereito subxectivo individual dos profesores dos distintos niveis do noso sistema educativo non só require protección fronte aos posibles ataques externos (fundamentalmente dos Gobernos e Administracións públicas territoriais), senón tamén fronte aos eventuais ataques internos doutros órganos, nomeadamente do mesmo centro educativo.

Unha manifestación desta dirección atopámola precisamente na Sentenza 257/1990, de 23 de xaneiro, de Sala do Contencioso-Administrativo do TSJ da Comunidade Valenciana. O Tribunal enfrontouse a un suposto no que un Consello de Departamento impuxo ao profesor recorrente un programa e uns sistemas de avaliación en lugar dos deste, e a Xunta de Facultade decidiu a substitución do citado profesor, na súa función avaliadora, por un Tribunal examinador extraordinario. A Sentenza estima o recurso interposto e anula o Acordo citado por considerar que este é contrario á liberdade de cátedra, chegando a dicir que o nomeamento dun Tribunal examinador extraordinario para substituír directamente ao profesor no exercicio das súas tarefas avaliadoras (inxustificadamente enténdese) «culmina una inadmisibile preterición del contido esencial del derecho a la libertad de cátedra que la Constitución le atribuye». Así pois, podemos afirmar que naqueles supostos nos que realmente se utilice o acto administrativo de revisión das cualificacións dun profesor para vulnerar a liberdade de cátedra do mesmo (como liberdade de expresión docente e liberdade de expresión científica do mesmo), está sendo afectado un dereito subxectivo do

profesor polo acto de revisión impugnado e atopáronos ante unha lexitimación procesual incontestable, aínda que como resulta do expediente D.3.Q/1967/12 promovido pola mesma persoa, é claro que non toda revisión de cualificacións académicas dun profesor polo órgano ao que se atribúe dita competencia polo noso ordenamento xurídico é lesivo da súa liberdade de cátedra. E nin sequera toda revisión de cualificacións dun profesor que poida cualificarse de espuria afecta á liberdade de cátedra —ao noso entender—, senón só aquelas manifestacións de dita revisión que se utilicen como medio directo ou indirecto para reprimir a liberdade de expresión docente e investigadora do profesor en cuestión. Os outros casos de ilegalidade da revisión citados afectan ao interese lexítimo dos profesores, nos termos que xa temos argumentado no citado expediente de queixa e a súa resolución.

-Neste suposto o inspector do centro recoñece no seu informe que propuxo ao profesor que fora el quen solicitara ao Departamento a avaliación dos seus alumnos de 2º de bacharelato, ao non existir canles legais para privar desta competencia a un profesor e dar cabida, polo tanto, á solicitude feita polos pais e nais. Así o fixo o docente, sen ofrecer resistencia ante unha petición que vulneraba de xeito claro as súas facultades, presentando con data do 26 de marzo un escrito no que solicitaba que fora o Departamento quen preparase e corrixisse os exames da asignatura de Física dos grupos C e D, e se encargase da avaliación final dos devanditos alumnos en xuño e setembro. O punto 7º do informe do inspector non recolle literalmente a acta do Departamento que, en rigor, non dí o que pon o informe. A acta da reunión de 30 de marzo manifesta que: "Discutida la solicitud, el Departamento considera que la asunción de tan importantes labores docentes como son las antedichas no es aceptable, al carecer de los importantes elementos de juicio sobre el trabajo realizado en el aula (que, de acuerdo con la ley establecida sobre la libertad de cátedra, es privativo de cada profesor, dentro de los límites que establezca la programación correspondiente). Se considera que, si existe una reclamación, debe resolverse a través de los cauces legales, lo que implicaría la actuación de un Inspector de la materia. Siendo así la opinión del Departamento, ante la conflictiva situación en la que se encuentra el profesor antedicho, el Departamento está dispuesto a aceptar colaborar con él en la elaboración y corrección de las pruebas pero no en la suplantación de sus derechos y obligaciones como docente".

-O inspector, ante esta decisión do órgano colexiado encargado de coordinar a docencia da materia e o seu axuste á programación didáctica, instou ao xefe do Departamento a dirixir e coordinar a elaboración e corrección das probas de avaliación dos dous grupos de bacharelato C e D. No punto 14º do informe, o inspector dí descoñecer algo que consta en toda a información remitida. O Departamento supervisou o cálculo das notas finais do curso, tal e como se lle requiriu pola inspección, e ratificou todas as cualificacións outorgadas aos alumnos. Sorprende moito a consideración feita polo inspector do centro: "De acordo cos criterios de cualificación que figuran na programación, unha porcentaxe da nota en 2º de bacharelato depende do traballo diario, da libreta de clase e dos traballos, aspectos dos que só ten datos o profesor polo que este apartado non pode ser valorado polo Departamento".

Esta mesma xustificación debería terse aplicado ás cualificacións finalmente outorgadas aos alumnos pola Comisión de Supervisión, que igualmente non puido ter en conta eses elementos que compoñen unha porcentaxe da nota final da materia. Nada se dí sobre este punto.

-Ante a ratificación das probas e dos criterios de cualificación polo Departamento, instouse a intervención de dous inspectores especialistas alleos ao centro. O informe sinala que *“despois de falar co inspector especialista acordamos que antes de visitar o centro sería mellor revisar os exames realizados o longo do curso e a programación. Como indica o profesor no seu escrito de queixa esta inspección visita o centro, en data 17 de abril (no escrito de queixa aparece un novo erro, pois o profesor indica que esta entrega tivo lugar o 16 de abril), para recoller ditos exames e poñelos a disposición dos inspectores especialistas (...). Esta inspección visita o centro en compañía de dous inspectores especialistas en data 23 de abril. Na acta desta visita figura que, feita a supervisión das probas realizadas polos inspectores especialistas, chegan a conclusión de que estas son axeitadas ao currículo e á programación do departamento. Tamén se inclúe na acta unhas propostas de mellora (avaliación inicial, medidas de reforzo e de atención a diversidade, coordinación cos outros departamentos de ciencias, desenvolver un protocolo mais eficaz de seguimento da programación e dos resultados das avaliacións, maior coordinación do departamento cos profesores de nova incorporación e incluír nas probas escritas as puntuacións das preguntas) e unhas solucións a corto prazo (que o departamento revise os exames e as correccións do profesor de acordo co calendario proposto)”*. Polo tanto, ao marxe das propostas de mellora, a clave é que ***feita a supervisión das probas realizadas polos inspectores especialistas, chegan á conclusión de que estas son axeitadas ao currículo e á programación do departamento.***

-O informe sinala no punto 19º: *“O profesor D. Francisco Rañal queixase no seu escrito que na acta da avaliación ordinaria de 2º curso de bacharelato grupo D, seis profesores mostraron no apartado de observacións a súa desconformidade coas cualificacións da materia de física. O Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, di no seu artigo 13.4 que o equipo docente, constituído polas profesoras e profesores que imparten docencia a cada un dos grupos de bacharelato, coordinado pola persoa titora, valorará a evolución de cada alumna e cada alumno no conxunto das materias, a súa madurez académica en relación cos obxectivos do bacharelato así como, ao final da etapa, as súas posibilidades de progreso en estudos posteriores. A Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, di no seu artigo 7.8 que o equipo docente, constituído polo profesorado que imparte docencia no grupo, coordinado pola persoa titora, valorará a evolución de cada alumna e cada alumno no conxunto das materias, a súa madurez académica en relación cos obxectivos xerais do bacharelato. Polo tanto a xuízo desta inspección, tanto o Decreto como a Orde mencionados*

habilitan ao profesorado que forma parte do equipo docente para facer unha valoración sobre as cualificacións de calquera materia". Esta institución non comparte en absoluto esta afirmación. O que a normativa establece é que o equipo docente "valorará a evolución de cada alumna e cada alumno no conxunto das materias, a súa madurez académica en relación cos obxectivos xerais do bacharelato". En ningún caso autoriza a un profesor ou un grupo deles a censurar ou criticar (aínda menos publicamente) as cualificacións outorgadas polo docente encargado dunha materia e ratificadas polo seu departamento didáctico. Non existen precedentes deste feito.

-Sobre o anterior, o director cometeu un feito irregular. Sen ter revisados (nin sequer vistos) os exames, nin ser especialista, anota na acta oficial que "considera que existe unha desviación excesiva nas notas de física que vai de 2 a 4 puntos". Descoñecemos os criterios técnicos empregados polo director para facer tal afirmación e sinalar un rango estatístico de desviación das notas de Física. O máis grave desta situación, a criterio desta institución, é que o director de un centro desautorice publicamente a un dos profesores do seu claustro, critique as súas cualificacións e o faga nun dos documentos oficiais de avaliación que non admite este tipo de anotacións. Consideramos que produciuse neste caso unha clara extralimitación da función directiva que avala a queixa do docente de que o director estaba a incitar ao alumnado para que reclamara e que foi moito máis aló da obriga da dirección de facer públicos os procedementos sobre reclamacións e aclarar calquera dúbida que podan ter as familias sobre os pasos a seguir.

-Nos apartados 20 e 21 do informe recóllense tamén situacións anómalas como foi a actuación do inspector tratando de reconducir outras avaliacións (tres suspensos en física e 1 de química cunha soa materia suspensa en 2º de bacharelato o que lles impedía titular. O inspector invoca a valoración doutros factores para que os alumnos fosen aprobados. Nesta liña, argumenta sobre o caso dos tres alumnos de 2º de bacharelato do grupo D que tiñan a física como única materia suspensa ou a alumna deste mesmo grupo que tiña un 10 en tódalas materias excepto na súa que era cualificada cun 6 (outros 3 alumnos deste grupo tiñan unha media de mais de 8 e na materia de Física tiñan un 5). Cómpre aclarar que a Comisión de Supervisión elevou a nota da primeira alumna só un punto, ata o 7, e os outros tres pasaron de 5 a 6, do que se deduce que non existía de ningún xeito unha desviación excesiva das súas notas e que as cualificacións noutras materias non son o parámetro para sinalar erros ou desviacións.


Esta institución considera que nin a liberdade de cátedra nin a normativa mencionada ao longo deste escrito foron respectadas no IES Rosalía de Castro.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería a seguinte **recomendación**:

-Que no sucesivo, no IES Rosalía de Castro, se eviten actuacións como as descritas por parte da dirección do centro ou da inspección educativa, de xeito que no exercicio da función directiva e na necesaria actividade de supervisión e control das obrigas docentes por parte da inspección educativa, se garanta a liberdade de cátedra dos docentes, o respecto a toda a normativa sobre a función de avaliar e cualificar ao alumnado, así como a observancia da regulación sobre os documentos oficiais de avaliación nos que en ningún caso poden figurar observacións críticas da dirección do centro coas cualificacións outorgadas por un profesor.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes dea conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Saúdo atentamente.



José Julio Fernández Rodríguez
Valedor do Pobo (en funcións)